

O XEFE DE TODO ISTO

Lars von Trier, 2006

991

ESTREA EN NUMAX: 09.08.2022 | V.O.S.E. | +18 | 110 min

Un home desexa vender a súa empresa. O problema é que, cando a fundou, inventouse un presidente ficticio, tras o cal poder ocultarse cando tivera que tomar medidas impopulares. Cando os posibles compradores insisten en negociar cara a cara co presidente, o propietario vese na obriga de contratar a un actor fracasado para que interprete ese papel. De súpeto, o actor decátase de que non é máis que un monicreque envolto nunha trama que quizais poña a proba a súa catadura moral.

«Unha obra maior, unha carga de profundidade dirixida á medula da nosa época e, como toda gran comedia, un caramelo envelenado»

Jordi Costa, DIARIO EL PAÍS



Entrevista con Lars von Trier: «Na escola de cinema ensináronnos que *A tenda da esquina* era o mellor filme do mundo»

Por Nick Dawson

Creo que a xente se sorprende co filme *O xefe de todo isto* porque non é o que esperan dun filme de Lars von Trier. Pero, sente que é radicalmente diferente aos seus anteriores filmes?

Creo que está bastante preto dalgunhas das cousas coas que traballamos n'*O reino* (o surrealista programa de televisión dos 90 sobre hospitais de von Trier), pero o meu obxectivo para este filme era facer *A tenda da esquina* (Ernst Lubitsch, 1940). Ou algo así, unha cousa lixeira que debería ser moi simple na súa estrutura, pero que espero que siga tendo algunhas das características que ten *A tenda da esquina*. Non falo tanto de sentimentos, senón dun certo tipo de humor de comedia que tamén se pode encontrar en *Historias de Filadelfia* (George Cukor, 1940) ou en filmes coma ese.

É o filme máis tradicional dos que fixo.

Si, si, pero iso é porque é unha especie de homenaxe a eses filmes. Especialmente ás que non son melindrosas, polo que dis "Ja, ja, ja!" todo o tempo, senón que se deixan levar por unha historia e un estado de ánimo, que é algo que me gusta moito. Recordo tamén *Bringing Up Baby* (Howard Hawks, 1938) e *A estraña parella* (Gene Saks, 1968), que era tamén fantástica, pero esa era quizais máis "ja-ja". En realidade hai algúns destes filmes que son un pouco emotivos, pero seguen sendo divertidos, así que ris todo o tempo.

Non creo que sexan filmes que a xente esperaría que che gustasen.

Pero son filmes como eses os que verei unha e outra vez. É como escoitar música pop. Na escola de cinema ensináronnos que *A tenda da esquina* era o mellor filme do mundo. Así que fixen un pouco de caso!

Neste filme actúan Jean-Marc Barr e Fridrik Thor Fridriksson, ambos directores, e vostede encomendou a Jørgen Leth tarefas de dirección n'*As cinco obstrucións*. Gústalle especialmente dirixir directores?

[Risas] Jean-Marc estaba alí porque sempre está aí, só para achegarse e saudar. É o padriño dos meus fillos. Fridrik é un tipo tolo e todo o mundo, cando leu o guión, dixo que o sombrío empresario islandés debía parecerse a el. Non creo que actuara antes. Creo que é moi islandés, moi auténtico. En realidade está moi lonxe da súa propia personalidade para berrar, tivo que traballar moito para saber como berrar. Creo que nunca o intentara.

Vostede dixera que "un filme debe ser como unha pedra no zapato", pero isto non se parece a iso.

Non. Así que tal vez non é un filme. É unha pequena pedra, si o é. Pero aínda así intentei usar as imaxes para romper dalgunha forma a todo o mundo.

Se puidese viaxar no tempo e facer os filmes na época e lugar que desexase, onde e cando sería?

Probablemente sería na Unión Soviética, na época na que Tarkovsky fai filmes. Para min é un período moi romántico, aínda que se que foi doloroso para a xente de alí. Dalgunha maneira, cando vexo *O espello* (1975) soño cos estudos e as cores e a depresión.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Lars von Trier
y el Dogma 95,
Mercedes De Luis.
JC Clementine, 2021